

ANEXO II

PROXECTO EDUCATIVO ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS LUIS SOTO MENOR E MARÍA WONENBURGER

1. ANÁLISE DO CONTEXTO.

1.1. Características do centro.

Titularidade e financiación

O titular das Escolas Infantís Municipais de 0 a 3 Luis Soto Menor e María Wonenburger é o Concello de Lugo.

Estas escolas están financiadas polo Concello. As familias aportan unha cota mensual de acordo co baremo económico existente e recollido na ordenanza fiscal municipal nº 116 deste Concello

O Concello de Lugo conta cunha subvención que aporta a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Niveis educativos : número de unidades.

Primeiro ciclo de Educación Infantil, nenas e nenos de 0-3 anos (de 3 meses a 3 anos)

De 0 a 1 anos de idade: 1 unidade

De 1 a 2 anos de idade: 1 unidade

De 2 a 3 anos de idade: 2 unidades

Total: 4 unidades

Situación xeográfica

A **escola infantil municipal Luís Soto Menor** está ubicada na rúa Fonte da Bica nº 2, nunha urbanización de nova creación construída no antigo barrio de San Fiz, zona moi próxima ao Campus Universitario.

A **escola infantil municipal María Wonenburger** está situada na zona da Piringalla. Zona de expansión da cidade, con moitas vivendas de nova construción, e familias con nenas e nenos de idades comprendidas entre 0-3 anos.

O edificio conta con dúas entradas, a principal con acceso desde a rúa das Fontes nº 29, e ten outro acceso pola rúa Vázquez Queipo

Descrición breve das instalacións.

Edificio da escola Luís Soto Menor: a escola infantil desenvolve as súas actividades nun edificio coas características seguintes:

1. Edificio de uso exclusivo. É un edificio de nova construción moderno e funcional.
2. Edificio dunha soa planta.

EDUCACIÓN

mcf

Refª: ANEXOII proxecto

Asunto: Proxecto Educativo Escolas Infantís

3.Ten unha zona verde e un patio cuberto cos xogos adecuados as idades das nenas e dos nenos. Tamén ten un espacio adicado a horto escolar.

Espazos: ten un amplo comedor, patio cuberto, sala de usos múltiples, cociña e despensa, almacén de cociña, sala de caldeiras, 4 aulas con aseos, 2 baños para nenas e nenos, 3 baños completos para adultos (un deles adaptado a minusválidos), unha sala de vestiario coas taquillas persoais, dirección, administración, almacén, cuarto de instalacións e outros dous cuartos exteriores de almacenaxe e limpeza.

Aulas: catro aulas distribuídas nunha zona de cambios, unha zona de hixiene e unha zona de descanso. As aulas da nenas e dos nenos maiores están dotadas dun baño adaptado. As aulas dispoñen dunha zona para que poidan estar sentados con mesas e cadeiras e outra zona para que podan xogar.

Edificio da escola da María Wonenburger: a escola infantil desenvolve as súas actividades nun edificio coas características seguintes:

1. Edificio de uso exclusivo. É un edificio de nova construción.
2. Consta de dúas plantas, aínda que só está para uso da escola a planta baixa.
3. Ten un patio exterior que consta dunha zona cuberta con xogos adecuados ás idades das nenas e nenos destas idades, e unha zona verde cuberta. Tamén ten un espacio adicado a horta escolar.

Espazos: consta do comedor, cociña e despensa, lavandería, aseos con taquillas para os adultos, despacho para o persoal, despacho de dirección, catro aulas con aseos para as nenas e os nenos.

Aulas: catro aulas distribuídas en zona de xogo, actividades e zona de descanso, con aseos e zona de cambio e hixiene.

Asa ulas dispoñen dunha zona para que as nena e os nenos poidan estar sentados con mesas e cadeiras, e zona de xogo libre.

Servizos que ofrecen

Atención e coidado dos nenos e nenas de 0 a 3 anos, tanto de carácter educativo como asistencial.

Servizo que inclúe comedor: almuerzo, xantar e merenda.

Proxección social das escolas nas zonas onde están ubicadas

As Escolas Infantís Municipais de 0 a 3 anos Luis Soto Menor e María Wonenburger constitúen servizos públicos educativos para a primeira infancia, cumpre unha función social e educativa, proporcionando aos seus usuarios unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición social, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos e das nenas.

Relación coas familias.

Nas escolas infantís municipais pretendese cooperar cos pais, nais e representantes legais co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e conseguir a mellor integración entre os centros e as familias.

Descrición breve dos recursos e materiais.

Estes centros contan con todo tipo de materiais necesarios para o desenvolvemento das nenas e dos nenos e das súas capacidades:

Están dotadas de material escolar adaptado en número e funcionalidade ás usuarias e usuarios: cadeiras, mesas, baldas, tronas, casilleiros para os seus efectos persoais e de aseo:

- Con material de menaxe: sabas, colchóns, edredóns, material de cociña (vaixela, tarteiras..), toallas...
- Con material de descanso: camas apilables, colchonetas, berces e hamacas
- Con materiais audiovisuais: televisores, ordenador, radio, cds, dvd...
- Con material didáctico: contos, insertables, puzzles, xogos de construción, de arrastre, figuras, formas, cores, distintos tipos de xogos e xoguetes para o desenvolvemento do xogo simbólico...
- Con materiais plásticos: pinturas (ceras gordas, delgadas, de dedos, naturais...), papeis (folios, cartolinas, cartón, estraza, papel celofán, pinocho, de seda ...) , pinceis, etc.
- Con material de psicomotricidade: ximnasia musical, correpasillos, equilibrio, kits de foam, túneis, aros, etc.

Horario das escolas

Horario : as escolas abren desde as 08:00 h. ata as 18h. ininterrompidamente, con posibilidade de ampliación ata as 20:00 h. no caso de demanda suficiente.

1.2. Características do alumnado.

Número de nenas e nenos, idades e agrupamentos.

O número total de nenas e nenos da escola Luis Soto Menor é de 61 nenas e nenos de entre 3 meses e 3 anos.

O número total de nenas e nenos da escola María Wonenburger é de 55 nenas e nenos de entre 3 meses e 3 anos.

En cada escola dispoñemos de catro aulas con tres grupos distintos de idades:

Na escola infantil municipal Luís Soto Menor :

Unha unidade de 0 a 1 ano con 8 nenas e nenos

Unha unidade de 1 a 2 anos con 13 nenas e nenos

Dúas unidades de 2 a 3 anos con 20 nenas e nenos cadunha unidade.

Na escola infantil municipal María Wonenburger:

Unha unidade de 0 a 1 ano con 8 nenas e nenos

EDUCACIÓN

mcf

Refª: ANEXOII proxecto

Asunto: Proxecto Educativo Escolas Infantís

Unha unidade de 1 a 2 anos con 13 nenas e nenos
Duas unidades de 2 a 3 anos con 17 nenas e nenos por unidade.

Características das familias

O nivel socio- económico das familias da escola Luís Soto Menor e de María Wonenbur e medio. O baremo de puntuación aplicable no momento da solicitude de praza, beneficia as familias con rentas económicas mais baixas e situación socio-familiar mais deprimida.

A finalidade principal das escolas infantís municipais é a conciliación da vida familiar e laboral.

Tipo de relacións entre as nenas e nenos da escola

Os distintos grupos de idade xuntaranse para facer actividades concretas: celebración de festas (antroido, primaveira, nadal, San Froilán...).

Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: cómo se integran e apoios cos que contan

Poderanse integrar nenos con minusvalía física, psíquica ou sensorial. O ingreso destes estará supeditado á existencia de condicións, infraestruturas idóneas e de persoal axeitado e suficiente no cadro de persoal do centro. En ningún caso poderá haber máis dun neno de integración por aula. Para os efectos de ratio, estas prazas contabilízanse como dúas.

Procedementos de información ás familias.

Neste aspecto nas escolas infantís municipais inténtase implicar as familias no funcionamento do centro a través de:

- O contacto informal e diario o deixar e o recoller aos menores.
- Entrevistas familia-educadoras- directora.
- Cuestionarios.
- Notas informativas.
- Informes individuais
- Reunións xerais, reunión por grupos establecidos por idades.
- Información escrita de actividades que se realizan, menús alimenticios.
- Participación e presenza nas festas da escola.
- Participación en talleres ou actividades de aula.
- Participación nas saídas do centro.

1.3. Características do persoal que traballará no centro.

Número , funcións e formación

Nº	FUNCIÓNS
1	Directora

7	Educadoras
1	Cociñeira
1	Axudante de Cociña
1	Limpadora

Forma de traballar

Para poder conseguir os obxectivos o traballo é en equipo, programando reunións tanto mensuais coma trimestrais ou cada vez que o require calquera actividade ou charla. Tamén hai reunións do equipo técnico coa dirección da escola, así como algunha xuntanza de todas as educadoras e todos os educadores das catro escolas infantís municipais do Concello de Lugo.

Distribución das tarefas

1.- Dirección

- Representante da escola
- Dirixir e coordinar tódalas actividades do centro, cara á consecución do proxecto educativo e de acordo coas disposicións vixentes.
- Dirixir ao persoal do centro.
- Xestionar os medios humanos e materiais do centro, dinamizando os distintos sectores da comunidade educativa.
- Ordenar o réxime de xestión.
- Expedir os informes que soliciten.
- Velar polo mantemento do equipamento e medios materiais.
- Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre a normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciba na escola.
- Presentar a memoria anual da escola.
- Dar cumprimento do proxecto educativo da escola.

2.-Equipo técnico

As educadoras ou educadores terán, entre as súas funcións :

- O coidado das nenas e nenos: hixiene e aseo, alimentación e educación integral.
- Elaborar as programacións e actividades de aula.
- Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do expediente persoal e outros instrumentos válidos.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no desenvolvemento de cada neno.
- Efectuar un seguimento do neno no grupo e fomentala participación nas actividades do centro.
- Coordinar o proceso de axuste de diferentes metodoloxías para o mesmo grupo.
- Colaborar co resto dos titores no proxecto educativo do centro.

EDUCACIÓN

mcf

Refª: ANEXOII proxecto

Asunto: Proxecto Educativo Escolas Infantís

- Informar as familias de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades
- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade das nena e dos nenos , e ter informadas as familias e á dirección.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de aprendizaxe das súa fillas e dos seus fillos.

3- Persoal de cociña e limpeza

- Correspóndelles as tarefas do comedor e da cociña, realización das comidas, así como a limpeza das instalacións da escola.

Mecanismos de información entre o persoal.

O equipo técnico organizará o seu traballo ao longo de curso mediante reunións formalizadas que permitirán abordar dunha maneira orgánica e sistemática o traballo e a organización das actividades da escola, por medio de:

- Reunións de seguimento.
- Reunións de programación
- Reunións trimestrais

Ademais de preparar e coordinar as actividades tanto a principio de curso, como en cada trimestre, reunirse tamén cada vez que o requira o momento, para preparar festas, decorar a escola, falar dalgunha actividade en concreto ou calquera cousa que poida surdir.

Criterios que se seguen para a distribución das nenas e dos nenos

A distribución das nenas e dos nenos faise por idades, así pois haberá unha aula de 0 a 1 ano, unha de 1 a 2 anos e dúas de 2 a 3 anos. Á hora de integrar nenos de educación especial o criterio será o marcado polo diagnóstico e as directrices dos especialistas.

1.4. Características do contorno.

Localización:

A escola infantil municipal de Luís Soto Menor está situada ao sur da cidade, nunha zona de expansión da mesma, zona moi próxima ao Campus Universitario.

A escola infantil municipal María Wonenburger está situada ao norte da cidade, con fáciles accesos á zona, desde á avenida da Coruña, ou desde a rúa Camiño Real. Está ubicada nun barrio urbano da cidade, con moitas vivendas de nova creación, centros educativos con oferta escolar, nos niveis de infantil, primaria e secundaria.

Lingua empregada

No referente a Lingua, nestas idades, respetamos a lingua materna, aquela que as nenas e os nenos adquiren da súa familia, cultura galego/castelán.

O Decreto 330/2009, do 4 de xuño polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 13ª refire o uso na aula da lingua materna predominante e o coidado de se adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial.

- Servizos que nos ofrecen para os nenos e para as nenas.

O concello conta cos servizos que en todo momento pon a disposición da escolas infantís municipais, así como facilita a relación entre as catros escolas de entidade municipal.

Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno.

- Coñecemento do propio contorno: familia, festas, etc.
 - Aproximación ao entorno natural, coñecendo os animais, as plantas máis comúns e características.
 - Percepción do entorno xeográfico mediante a identificación da procedencia dos compañeiros da escola.
 - Identificación e diferenciación das linguas nas expresións e nomes máis comúns e significativas.
- Distinción dos entornos , como río, mar, auga salgada e auga doce...
- Identificación das estacións climáticas.

Relacións con outros centros.

Coñecemento doutros entornos:

- Distinguir mediante fotografías, películas e visitas unha vila e unha grande cidade.
- Coñecer elementos básicos singulares dunha vila, como estación de autobuses e de tren, aeroporto, grandes almacéns, etc.
- Introdución a elementos fundamentais de educación vial: o semáforo.
- Espazos deportivos e de ocio: áreas recreativas, parques, paseos, campos de deporte, cines, etc.
- Actividades conxuntas con outros centros como poden ser contacontos , excursións...

Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural.

A adecuación dos obxectivos á realidade da zona realizarase dentro do proceso xeral de programación e de revisión da mesma:

- Desenvolver as capacidades de integrarse con outros nenos e nenas da mesma idade.
- Participar en actividades conxuntas.
- Propiciar actitudes positivas cara os compañeiros e disposicións de escoita e de respecto cara a eles.
- Favorecer a participación nos eventos sociais adecuados á propia idade e posibilidades.
- Desenvolver capacidades comunicativas e expresivas por medios plásticos e sonoros.

EDUCACIÓN

mcf

Refª: ANEXOII proxecto

Asunto: Proxecto Educativo Escolas Infantís

2. SINAIS DE IDENTIDADE.

Confesionalidade da escola segundo a lexislación vixente.

Sempre tendo en conta a lexislación vixente, no art.16 punto 1, 2 e 3 do Texto da Constitución española recollese que por un lado se garantiza a liberdade ideolóxica e relixiosa e por outro dí que ningunha confesión terá carácter estatal.

Nas escolas infantís municipais respetarase a confesionalidade e creencias das familias usuarias destas escolas.

Os nenos e nenas que acuden as escolas municipais, pertencen a familias de diferentes culturas e relixións: marroquís donde a súa relixión está moi latente, xitanos que por tradición manteñen ás súas creencias, ou familias que practican a relixión católica o no seu caso tamén un latente laicismo.

Tendo en conta a realidade de cada escola, e a lexislación vixente, será o respecto a todas as creencias e relixións polo que se rexirá o persoal das escolas infantís municipais.

Lingua de aprendizaxe segundo a lexislación vixente.

A lingua empregada será a lingua materna dos nenos.

Promóvese a lingua galega o abeiro do Decreto 247/1995 que desenvolve a Lei 3/1983 para o ensino da lingua Galega nos niveis non universitarios, facendo conscientes ás familias das vantaxes culturais, intelectuais, e lingüísticas da lingua galega.

Liña metodolóxica.

Á hora de programar as actividades, debemos ter en conta unha serie de pautas e aspectos que nos leven a conseguir o fin proposto respectando os principios do noso proxecto, con actividades lúdicas, vinculadas á experiencia dos nenos, en educación en valores. Tamén deben ser flexibles e adaptadas as idades e ao tamaño do grupo.

Coeducación: a educación para a igualdade.

As escolas infantís municipais consideran unha serie de obxectivos indispensables, trasmitindo aos nenos aspectos cívicos e actitudes tolerantes e pacifistas: non sexistas, non racistas e non violentas, como serán:

A educación para a paz

Educación para a saúde

Educación para o pluralismo, o respecto, e a solidariedade.

Unha educación de respecto ao medio ambiente.

Colaboración cos pais e nais.

A escola ten que traballar conxuntamente coa familia na educación das nenas e nenos

A través das educadoras e dos educadores establécese a relación entre a escola e a familia, éstas ou éstos deben lograr unha comunicación fluída cas nais e cos

país que lle permita axudarlles a levar a cabo o seu labor de primeiros educadores. Unha das tarefas que compete a escola é a de determinar os cauces e formas de participación da familia na escola.

3. OBTETIVOS

3.1. Obxectivos a nivel Pedagóxico

Áreas de aprendizaxe das nenas e dos nenos de **0-1 anos**

1. Obxectivos para o desenvolvemento motriz-corporal.

Evolución desde a ausencia total de movementos a unha progresiva autonomía que lle permitan dar os primeiros pasos (con apoio).

Conseguir unha maior autonomía no arrastre, gateo, sentarse, etc.

Lograr que o neno/a acade o desenvolvemento muscular que cómpre para estar de pé e dar os primeiros pasos con apoio.

Desenvolvemento do movemento da man chegando a unha coordinación entre ésta e a vista.

2. Obxectivos para o desenvolvemento dos sentidos.

Provocar o espertar e a reacción dos sentidos ante diversos estímulos.

Localizar unha fonte sonora.

Seguir obxectos coa vista, interesarse polas cores vivas e brillantes.

Recoñecer persoas e obxectos.

Ser capaz de sorrir.

Sinais das imaxinacións e espertar das emocións.

3. Obxectivos para o desenvolvemento da linguaxe.

Emisión dos sons guturais, balbuceo, laleo; idade dos monosílabos; sinais das primeiras palabras en forma de sílabas duplicadas (pa-pá, ma-má), son manifestacións lingüísticas importantes deste primeiro ano de vida.

4. Obxectivos para o desenvolvemento social.

Lograr respostas positivas do neno/a diante do educador.

Empezar unha relación cos demais nenos/as

Áreas da aprendizaxe nas nenas/os de **1-2 anos** :

1. Obxectivos para o desenvolvemento psicomotor.

Progresar continuamente na marcha, dende a marcha vacilante ata a marcha segura (con posibles caídas), en diferentes terreos.

Subir e baixar escaleiras con axuda.

Mellorar a axilidade, flexibilidade e posibilidade de agatuñar.

Iniciar o coñecemento do esquema corporal identificando os elementos máis destacados do mesmo.

Descubrir e explorar o espazo inmediato a partir da posición vertical (estática-dinámica), e a manipulación sobre os obxectos.

Tirar con ambas mans a pelota, coordinándoas e dominándoas.

Diferenciar materiais, a través do tacto de diferentes texturas.

2. Obxectivos para o desenvolvemento intelectual.

Proporcionarlles diversas experiencias que lles permitan un progresivo coñecemento da vida e do ambiente.

Ultima-lo desenvolvemento e coordinación dos esquemas sensorio-motores.

EDUCACIÓN

mcf

Refª: ANEXOII proxecto

Asunto: Proxecto Educativo Escolas Infantís

Adquirir-la función simbólica desenrolando as súas principais manifestacións.

Desenrola-la memoria e a concentración.

Adquirir-lo esquema do obxecto permanente.

Discriminar tamaños, formas e uso dos obxectos.

Discriminación de sons e memoria auditiva.

3. Obxetivos para o desenvolvemento da linguaxe.

Que evolucionen dende as primeiras palabras, a construción de frases curtas.

Utilizar a linguaxe para expresar e controlar as súas necesidades corporais como medio principal de comunicación.

Estimula-la observación, exploración, linguaxe expresivo, imitación, repetición de palabras, aparición de preguntas, etc.

Facer un vocabulario básico das persoas que o rodean e os obxectos familiares (nomes, partes do corpo, xoguetes...)

4. Obxetivos para o desenvolvemento socio-emotivo.

Que aprendan a compartir cos seus iguais, establecer contactos e comunicación.

Desenvolver o control das súas emocións a partir da iniciación da función simbólica.

Favorecer a autonomía do neno a través da relación co adulto.

Desenvolver condutas imitativas respecto as persoas do seu contorno.

5. Obxetivos para o desenvolvemento físico.

Desenrolar os hábitos de hixiene persoal e de alimentación: comer, beber, vestirse, uso do baño, etc.

A partir dos 18 meses, empezar co control das esfínteres diúrnas.

Tomar conciencia dos ritmos biolóxicos (micción, alimentación, defecación).

6. Obxetivos para o desenvolvemento da creatividade.

Fomento da expresión corporal, musical e plástica.

Áreas da aprendizaxe dos nenos/as de **2-3 anos**:

1. Obxetivos para o desenvolvemento psicomotor.

Ampliar o coñecemento do esquema corporal, a partir das partes que son máis útiles.

Iniciar a coordinación e a independencia.

Perfeccionar os movementos, habilidade, rapidez, correr, parar, xirar, etc.

Coordinación ollo-pé, subir e baixar escaleiras cos dous pés.

Iniciar o coñecemento das nocións espaciais básicas a partir do propio corpo, e temporais a partir dos feitos asociados a súa acción.

Emprego alternativo de cadansúa man, ao mesmo tempo que empeza o desenvolvemento da motricidade fina, dominando rotación da boneca, brazo, antebrazo e man.

Desarmar cousas sinxelas e volverlas armar

Mover o seu corpo ao ritmo da música.

2. Obxetivos para o desenvolvemento intelectual.

Que exprese os seus sentimentos e os seus desexos.

Desenrolar a función simbólica, e a capacidade de imaxinación, especialmente, a través do xogo simbólico.

Iniciarse na expresión gráfica, a través do garabato.

Coñecemento de patróns sensoriais básicos, en canto a forma, tamaño e cor.

Aumentar os niveis de atención, memoria e concentración.

3. Obxetivos para o desenvolvemento da linguaxe.

Construír frases completas, aínda que non sexan gramaticalmente correctas.

Comprender e desenvolver a linguaxe non verbal.

Posuír os elementos e mecanismos máis básicos da linguaxe.

Que a linguaxe sexa a actividade simbólica máis importante.

4. Obxectivos para o desenvolvemento socio-emotivo.

Fomentar a solidariedade e a colaboración cos seus iguais, a través do xogo paralelo.

Fomentar a responsabilidade e as regras da boa conduta e urbanidade.

Conseguir a tolerancia á frustración, que superen o sentimento de oposición ó outro.

Desenrolar as respostas emocionais cada vez máis específicas e estables.

Descubrir e identificarse co seu propio sexo.

Fomentar a autonomía e independencia, desenrolando actitudes de autoafirmación.

Progresiva autonomía na adquisición de hábitos.

5. Obxectivos para o desenvolvemento físico.

Adquirir certa autonomía na satisfacción das súas necesidades físicas: sono, descanso, hixiene, alimentación...

Control de esfínteres; diúrna e empezar co nocturno.

6. Obxectivos para o desenvolvemento da creatividade.

Imitacións tipificadas; conducir, comprar...

Xogos de fantasía.

Discriminación de sons musicais, cantar, memorizar pequenas rimas.

Fomento da expresión corporal, musical e plástica.

3.2. Obxectivos a nivel administrativo

Traballar conxuntamente co persoal do Servizo de Educación do Concello na tramitación administrativa dos expedientes das usuarias e usuarios das escolas, así como colaborar coas familias na tramitación das solicitudes das mesmas.

3.3. Obxectivos a nivel institucional

Fomentar e facilitar a formación permanente do persoal que traballa na escola.

Favorecer a participación na xestión e no control da escola dos membros da Comunidade Educativa.

Establecer relacións con outras institucións

Lograr que se cumpran, por parte de todos, os obxectivos do Proxecto Educativo do Centro.

3.4. Obxetivos a nivel organizativo

Implicar e transmitir a familia a necesidade de comunicación entre familia-escola pa
Crear un ambiente adecuado para o aprendizaxe e o desenvolvemento das nenas e dos nenos

Fomentar o respecto aos demais e ao entorno.

Crear un ambiente de tolerancia e respecto entre todos os membros da comunidade escolar.

Cumprir as normas que recolla o Regulamento de Réxime Interno

Cumprir as normas que recolla o Regulamento de Réxime Interno

3.5. Normalización lingüística

EDUCACIÓN

mcf

Refª: ANEXOII proxecto

Asunto: Proxecto Educativo Escolas Infantís

Un dos obxectivo será promover a lingua galega e facer conscientes ás familias das vantaxes culturais, intelectuais, e lingüísticas desta lingua.

É importante facer referencia aos obxectivos lingüísticos. As escolas infantís deberán potenciar a utilización do galego nas súas aulas, aínda que non todos os nenos serán galegofalantes e que a súa lingua espontánea será a súa lingua materna é conveniente que a lingua galega, que é a lingua propia do lugar onde residen e da institución que crea a escola infantil, sexa potenciada.

3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.

Órganos unipersoais e colexiados

No relativo a este apartado, ter en conta o *Decreto 329/2005 do 29 de xullo.....*onde recolle:

Unha directora ou un director, representante da escola e a responsable do correcto funcionamento.

O equipo técnico, formado por 7 educadoras, técnicos superiores en educación infantil.

O persoal de servizos.

Asignación e número de educadores por grupo.

Unha educadora ou un educador por unidade e unha educadora ou educador de apoio por cada tres unidades.

Como titoras ou titores de aulas estarán as educadoras ou educadores de cada aula.

A dimensión do grupo.

O centro contará co nivel educativo de primeiro ciclo de educación infantil (de 0 a 3 anos), chegando a unha matrícula dun máximo de 61 nenas ou nenos na escola infantil municipal Luís Soto Menor e 55 nenas ou nenos na escola infantil municipal María Wonenburger.

As escolas infantís contarán con 4 unidades. A distribución dos nenos e nenas realizase dependendo da súa idade, en función do ratio establecido no *Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.*

De 0 a 1 anos.....8 nenas/os por unidade

De 1 a 2 anos....13 nenas/os por unidade

De 2 a 3 anos....20 nenas/as por unidade no caso da escola infantil Luis Soto Menor e 17 no caso da escola infantil María Wonenburger.

As nenas e nenos de integración ocuparán dúas prazas na aula que lle corresponda por idade. Non existirá máis dunha praza destas características por aula.

Tamén nas escolas infantís municipais se contempla un 5% do total das prazas para emexencia social, o que corresponde unha praza por unidade de idade.

A composición do grupo.

Cada grupo está composto por nenos e nenas do mesmo ano de nacemento.

A titoría na escola infantil.

Realizaráanse un mínimo de dúas reunións xerais coincidindo co inicio e co remate do curso, na que deberán estar presentes as familias, así como o equipo educativo, sen perxuízo doutro tipo de reunións.

Sen embargo, e para facilitar ao máximo a implicación dos pais na educación dos seus fillos, os responsables de cada unidade, manterán o contacto cos responsables diariamente, tanto na entrada como na saída.

Ademais, a titora ou titor será o responsable da elaboración, execución e avaliación dos programas individuais e colectivos do grupo que teña asignado.

A distribución dos responsables nos diferentes grupos é da dirección da escola infantil, e se fará de acordo cos criterios establecidos no proxecto educativo, procurando que o titor/a asuma cada ano o mesmo grupo que o anterior.

As familias poderán solicitar ademais, reunión co titor da súa filla ou fillo.

A utilización dos espazos escolares.

Aulas

A organización das zonas ou rincóns e obradoiros na clase supón unha estratexia máis para a organización do tempo, das actividades e dos agrupamentos do alumnado.. O reparto destes aspectos ao longo da xornada escolar esixe seguir as seguintes pautas de distribución, según os tempos e o horario.

Rincóns ou zonas:

Son escollidas dependendo do tipo de rincón que se leve a cabo. Respetarase a organización en pequenos grupos.

Comedor

Neste espazo as nenas e os nenos adquiren hábitos de hixiene e limpeza. Nos almozos comparten, proban e coñecen novos alimentos.

Patio

Durante o tempo que están no patio, xogando libremente ou en xogos dirixidos nas distintas instalacións do mesmo, sempre vixiados polas educadoras ou educadores

Horario

HORA	ACTIVIDADE
8:00 – 9:30	Recepción, xogo libre e almorzo
9:30 – 10:45	Recepción e xogo libre
10:45 – 11:45	Fichas individuais, actividades dirixidas (Rincóns e Obradoiros) psicomotricidade, música, contos, saídas o patio... para 2-3 anos
11:45 – 12:30	Rutinas/Preparación para o xantar
12:30 – 13:30	Xantar /Aseo e preparación para saída
13:30 – 14:50	Sesta
14:50 – 15:30	Xogo libre, contos/Aseo e preparación para a saída
15:30 – 16:30	Xogo libre, contos/ Aseo e preparación para a saída
16:30 – 18:00	Xogo libre, contos/ Aseo e preparación para a saída

EDUCACIÓN

mcf

Refª: ANEXOII proxecto

Asunto: Proxecto Educativo Escolas Infantís

O equipamento e os recursos didácticos

-Materiais do interior de aula:

Mobiliario: mesas, cadeiras, moquetas, armarios, estantes, coxíns...

Corcheiras, fanelogramas...

Material para o desenvolvemento motórico e sensorial: nos primeiros anos de vida: obxectos para chupar, golpear, abrir, cerrar, meter, sacar...;segundo vai medrando, escaleiras, barras fixas, caixóns para empurrar, alfombras...; en relación co desenvolvemento sensorial: formas, cores, pesos, tamaños, para clasificar...

Materiais de manipulación, observación e experimentación: vehículos de plástico, bonecos e animais, materiais do medio (corcho, tubos, palliñas...), de construción, bloques de madeira, de esponxa...

Materiais que desenvolvan o pensamento lóxico: materiais que lles permita clasificar, asociar, compara, ordenar...tamén con materiais específicos como dominós, puzzles...

Materiais para a representación e simulación:

adquiridos: casa de bonecas, útiles de médico, cociniñas...

outros tipos: madeiras, corchos, telas..., este tipo de materiais serviranos para poñer en práctica o xogo heurístico, o cesto dos tesouros...

Materiais para a representación e simulación:

adquiridos: casa de bonecas, útiles de médico, cociniñas...

outros tipos: madeiras, corchos, telas..., este tipo de materiais serviranos para poñer en práctica o xogo heurístico, o cesto dos tesouros...

Materiais para o desenvolvemento da expresión oral:

Láminas de uso individual ou láminas tipo mural.

Coleccións de imaxes.

Libros de imaxes.

Bits de intelixencia....

Materiais para a expresión plástica e musical:

pinceis, barro, plastilina, telas...; no referente á música, crócalos, xilófonos, tambores...

-Materiais de exterior ou de patios cubertos:

Construcións: construcións xigantes, tobogáns, casiñas, balancíns, pelotas, pezas brandas (rolos ,colchonetas...), mecanos xigantes, tobogáns e xogos de módulos.

Xogos de area e auga.

Obxectos da natureza: horto escolar, plantas , xerminación de sementes...